



3R FISH



Recuperación e reciclaxe dos residuos sólidos propios da actividade pesqueira e portuaria

Presentación do proxecto

CETMAR_Vigo_6 Febreiro_2009



Co contribución do instrumento financeiro LIFE da Comunidade Europea





3R FISH -

*Recuperación e reciclaxe dos residuos sólidos propios da
actividade pesqueira e portuaria*



O proxecto *3R-FISH-Recuperación e reciclaxe dos residuos sólidos propios da actividade pesqueira e portuaria* é, en certa maneira, consecuencia do coñecemento e resultados obtidos do *Observatorio Medioambiental dos residuos das actividades pesqueiras e portuarias de Galicia (OMAR)* desenvolvido en 2007 en estreita relación co sector pesqueiro e portuario de Galicia.



O **3R FISH** é un proxecto co-finanzado mediante o programa europeo *LIFE +* enmarcado na liña de acción de *Política Ambiental e Gobernanza 2007*, a implementar durante o período 2009-2011.



Preséntase, xa que logo, como compoñente clave dunha estratexia de desenvolvemento sostible das actividades pesqueiras e portuarias, segundo diversas directrices políticas emanadas da Unión Europea, como certos aspectos da *Política Común de Pesca*, a futura *Política Marítima Integrada*, a *Recomendación para a Xestión Integrada das Zonas Costeiras* e a *Estratexia temática sobre prevención e reciclaxe de residuos*.



O **obxectivo principal** é, mediante a correcta utilización dos aparellos e dispositivos usados no sector pesqueiro, así como a adecuada xestión e reciclaxe dos residuos xerados, contribuir a mellorar a calidade das augas e fondos mariños, facendo así da pesca unha actividade a cada máis integrada e respetuosa co medio mariño, recurso e escenario das súas tarefas profesionais.



A. Obxectivos específicos

⇒ Establecer un sistema de xestión e reciclaxe integrada de tres tipos de residuos sólidos da actividade pesqueira e portuaria (-redes, poliespán e artefactos lumínicos- tanto polo seu volume como polo impacto no medio mariño), en base á implementación de accións piloto para cada un deles, en frotas e portos pesqueiros representativos de Galicia e Portugal (neste caso, acción piloto de xestión de poliespán en portos de Peniche e Aveiro).





*Recuperación e reciclaxe dos residuos sólidos propios da
actividade pesqueira e portuaria*

⇒ Divulgación e implantación de boas prácticas ambientais de xestión a bordo e na área portuaria: estratexias “nada pola borda” e “residuo cero” en terra.



⇒ Establecemento de sistemas innovadores de xestión e valorización deses residuos, desde a súa xeración ata o seu tratamento final.




⇒ Fomentar prácticas de colaboración entre os principais actores sectoriais para a determinación de usos económica e ambientalmente rendibles dos produtos tratados e os seus derivados manufacturados.





⇒ Avaliación técnica e económica de escenarios para a potencial implantación do sistema de xestión na rede portuaria de Galicia e Portugal (extrapolable a outros de ámbito europeo).



B. Accións principais

- *Diagnóstico Sectorial*: xeración de residuos na flota e portos pesqueiros de Galicia na actualidade. De forma complementaria, farase un *Diagnóstico tecnolóxico* sobre as innovacións en xestión, reciclaxe e tratamentos deses residuos sólidos.



- Desenvolvemento de 3 *experiencias piloto (E.P)* en portos pesqueiros galegos e portugueses (E.P caixas de poliespán): establecemento de sistemas de xestión, loxística, tratamentos, reciclaxe e tecnoloxías innovadoras; monitorización e resultados, dos 3 residuos obxectivo:




E.P. Redes



E.P. Poliespán



E.P. Artefactos lumínicos



- *Divulgación e concienciación ambiental*: boas prácticas ambientais (BPA) ao redor dos residuos e aveños resultado da actividade pesqueira.
- *Avaliación técnica e económica* da implantación destas experiencias de reciclaxe na totalidade do sistema portuario de Galicia e Portugal.
- *Difusión do proxecto*: páxina web; presenza en eventos sectoriais; material divulgativo (gráfico e dixital); celebración de *Xornadas Técnicas*; artigos en



revistas e webs especializadas; xornadas de sensibilización a profesionais;
visitas e intercambio de experiencias noutros portos...



Como **resultado global e obxectivo final**, espérase reducir a vertedura do principais residuos sólidos da actividade pesqueira ao medio mariño, a correcta xestión en terra, amais a súa posta en valor de forma innovadora e sustentable, tanto económica como ambientalmente.

